



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN E CONTROL DA MEDIDA 111 DO PDR, DE FORMACIÓN AGROFORESTAL.

En relación a contratación de que se trata, o 24 de novembro de 2010 o Secretario Xeral de Agader formulou a proposta de adxudicación, da que se deriva a información seguinte.

O 5 de novembro de 2010 o director xeral de Agader aprobou o expediente de contratación do servizo para o desenvolvemento dunha plataforma informática para a xestión e control da medida de formación agroforestal, polo procedemento negociado, autorizándose un gasto por importe de 70.564 €.

Para a citada contratación invitáronse as seguintes empresas, nos termos previstos no artigo 132.1 da LCSP, para que presentaran as súas proposicións:

- LEVEL TELECOM, SL
- SUZUTEC, SL
- GRUPO GALSEG SEGURIDAD INFORMÁTICA, SL

Revisada a documentación xeral, así como a complementaria solicitada ao Grupo Galseg Seguridad Informática, SL, as tres cumprían os requisitos para seren admitidas á licitación.

A oferta técnica dos sobres B das licitadoras, á que se lle aplican criterios dependentes de xuízos de valor, foi valorada polo xefe do Servizo de Formación Agroforestal, que emitiu o correspondente informe técnico o 22 de novembro de 2010.

O resultado desa valoración foi a seguinte:

Empresas	Adecuación da oferta ao Prego Técnico (30 puntos)	Plan de traballo (15 puntos)	Total puntos
Level Telecom	27	15	42
Grupo Galseg	16	8	24
Suzutec	16	6	22

As razóns determinantes de que a empresa Level Telecom, S.L, merezca mellor valoración son as seguintes:

- Adecuación da oferta: Desenvolve todas as funcionalidades previstas no prego e describe a aplicación da metodoloxía Métrica 3 aos proxectos, garantida coa certificación ISO 12207. As outras dúas empresas só describen brevemente as funcionalidades previstas no prego e non describen como aplicarán a metodoloxía.





- Plan de traballo: Especifica o cronograma indicando os recursos asignados a cada fase. O Grupo Galseg non inclúe cronograma nin describe cómo se van a axustar os recursos ás fases do traballo de xeito que se aprecie a súa idoneidade o igual que Suzutec, S.L.

A valoración da oferta contida no sobre C, que contén as propostas avaliadas automaticamente, é a seguinte:

Empresas	Oferta económica (40 puntos)	Mellora no prazo de execución (15 puntos)	Total puntos
Level Telecom	2,60	15	17,6
Grupo Galseg	0,65	0	0,65
Suzutec	0	0	0

No seguinte cadro expónse a relación de empresas presentadas ordenadas de forma decrecente de acordo á puntuación total conseguida no procedemento:

Empresas	Cráterios non avaliados automaticamente (45 puntos)	Cráterios avaliados automaticamente (55 puntos)	Total puntos
Level Telecom	42	17,6	59,6
Grupo Galseg	24	0,65	24,65
Suzutec	22	0	22

De acordo coa proposta de resolución, en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007, segundo o previsto no artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia,

RESOLVO





Adjudicar o contrato do servizo para o desenvolvemento dunha plataforma informática para a xestión e control da medida 111 do PDR, formación agroforestal, a empresa LEVEL TELECOM, S.L, con CIF B 15565294 por un importe de setenta e dous euros (70.092,00 €) IVE incluído. Este importe distribúese nas seguintes anualidades:

2010: sesenta e seis mil oitocentos dez euros con dez céntimos (66.810,10 €)


2011: tres mil trescentos oitenta e un euros con noventa céntimos (3.381,90 €)

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación desta adjudicación.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo comun, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses, conforme ao disposto na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2010.

O director xeral de Agader



Antonio Crespo Iglesias,

